

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA QUINCE DE FEBREIRO DE 2011, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e corenta minutos do día quince de febreiro de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, réunese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o un de febreiro do ano que andamos, que se aprobada por unanimidade dos asistentes

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 1.963/10 de don Eugenio Barreiro Barreiro

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Andrés de Trobe, solicita licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Paizás, en solo de expansión de núcleo rural (N2) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta; num. Plantas S+B+1; Altura máxima da cornixa menor a 7,00 mts e un coeficiente inferior a 0,30 m2 de superficie edificable baixo teito por cada m2 de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto dona Mercedes Rosón Varela cun orzamento de 120.000,00 euros

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado; en cumprimento do artigo 104 da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno de maneira que produ-



za o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona; de acordo co establecido no artigo 29 da citada lei, deberá dotar a finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia. Ademais a distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3,00 mts debendo gardar a distancia das aliñacións respecto dos viais.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dous mil catrocentos (#2.400,00#) euros

2.2.- Instancia num. 1.984/10 de dona María Almudena Bouza Martínez

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para a construción dun garaxe anexo á vivenda, situada no lugar de Cornado, en solo de expansión de núcleo rural (N2) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ao 40% da parcela neta; num. Plantas: baixa: Altura máxima da cornixa menor a 7,00 mts e un coeficiente inferior a 0,30 m2 de superficie edificable baixo teito por cada m2 de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto dona Mercedes Rosón Varela, cun orzamento de 11.500,00 euros

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda:

1º.- Concederlle a licenza solicitada, debendo construírse de acordo co proxecto presentado

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de douscentos trinta (#230,00#) euros

2º.- Así mesmo e á vista do disposto na lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, acéptase a cesión de víais segundo o disposto na documentación presentada ó efecto (114,07 m2).

2.3.- Instancia num. 181/11 de dona María del Pilar Rey Álvarez

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para a construción dun cerramento dentro da parcela num. 454 de concentración parcelaria de San Mamede de Ribadulla, con base de bloques, postes e tea metálica, de aproximadamente 102 mts de lonxitude, no lugar de Argunte, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 mts de distancia dende o vial; garantirase o natural discorrer das augas, e no caso de existir unha servidume de augas, deberá obter previo ó inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfecta-



mente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de sesenta e tres euros con corenta e seis céntimos (#63,46#)

2.4.- Instancia num. 182/11 de don José Orosa Pereiras

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza municipal para a construción dun cerramento de aproximadamente 13 mts de lonxitude, con base de bloques, postes e arame, no lugar de Argunte, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de un mínimo de 6,00 mts de distancia dende o eixe do vial e respectando o espazo de dominio público; garantirase o natural discorrer das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaioito euros con tres céntimos (#18,03#)

2.5.- Instancia num. 85/11 de don Fernando Cabanas López

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Fins de Sales, expón que a Xunta de Goberno, en sesión celebrada o once de xaneiro do ano que andamos, acordou concederlle una licenza para proceder a parcelación da finca inscrita no Rexistro da Propiedade de Santiago no tomo 1190, libro 109, foio 205, finca num. 10995, situada en Nande -San Fins de Sales, e dado que por circunstancias xurdidas á hora de proceder á súa inscrición debe modificarse, para o que se achega novo proxecto redactado polo arquitecto don Julio Vázquez e Asociados S.L.P, solicita a anulación da licenza e a concesión dunha nova de acordo co novo proxecto

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda:

1º- Anular a licenza de parcelación concedida pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o 11/01/2011

2º.- Concederlle unha licenza de parcelación da citada finca de acordo co proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas, xa ingresadas na tesourería municipal, e que ascenden á cantidade de 120,00 euros

2.6.- Instancia num. 159/11 de Construcciones Roberto Vales, S.L



Dáse conta da citada instancia na que don Roberto Vales Lobato en representación de Construcciones Roberto Vales, S.L, solicita licenza para proceder á parcelación de finca situada na rúa Alcalde Francisco Carrillo-Santa Cruz de Ribadulla, cualificada no PXOM como solo urbano consolidado dentro do ámbito definido no estudo de detalle aprobado con data 04/07/2006, en seis parcelas resultantes de acordo co proxecto técnico redactado polo arquitecto don Jorge Vales Fernández, de data 04/02/2011.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda aprobar a licenza de parcelación nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas xa ingresadas na tesoureiría municipal, que ascenden á cantidade de 360,00 euros

3º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación do contrato de servizos de xestión das instalacións e actividades do pavillón municipal

En relación co contrato de servizos consistente na xestión das instalacións e actividades do pavillón municipal, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o un de febreiro do ano que andamos, de conformidade co establecido no artigo 135.2 da Lei 30/2007, de 30 de outubro (LCSP), acordou requirir á empresa Grupo Acofide, S.C , como candidato que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa , para que presentase a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, a documentación xustificativa de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato e resguardo da garantía definitiva.

Visto que o citado candidato presentou en prazo a documentación requirida, a Xunta de Goberno de acordo co establecido no artigo 135.4 da citada lei, acorda:

Primeiro.- Adxudicarlle á empresa Grupo Acofide, S.C o contrato de servizos consistente na xestión das instalacións e actividades do pavillón municipal, por procedemento negociado sen publicidade e de acordo cos seguintes extremos:

1.1.- Prezo: 59.250,00 euros máis IVE (#10.665,00#). Total: 69.915,00 euros

1.2.- Melloras:

1.2.a) Festa do peche de actividades a desenvolver 2 veces no ano en datas a concretar polo concello, cunha duración mínima de dúas horas, que contará cos seguintes servizos (2 inchables terrestres de dimensións 6+4 con un coidado; 2 animadores ou monitores para a realización de talleres e xogos lúdicos e instalación de equipo de son para música ambiente)

1.2.b) Incremento a partires do mes de outubro de 2011 como mínimo de dúas horas máis semanais de actividade de patinaxe

Segundo.- Dispor o gasto con cargo á partida 341-227 do vixente orzamento municipal

Terceiro.- Notificar a adxudicación aos candidatos que non resultaron adxudicatarios .

Cuarto.- Notificar a Grupo Acofide, S.C., adxudicatario do contrato e citalo para a sinatura do contrato

Quinto.- Publicar a formalización do contrato no Perfil do Contratante (www.concellodevedra.com)

Sexto.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector público, de conformidade co disposto no artigo 308.3 da LCSP.



4º.- Aprobación, se procede, do prego de cláusulas para adxudicación do contrato de arrendamento do vehículo lavacoletores

Dáse conta do prego de cláusulas para a adxudicación do contrato de arrendamento, mediante procedemento negociado sen publicidade, do seguinte vehículo para destinalo ao servizo propoio do vehículo:

Descrición do ben: Vehículo camión lavacoletores, marca iveco. ML 150 E 18K, carga útil 5725 Kg e matrícula 7409BPK

A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado prego

5º.- Acordo, se procede, sobre concesión de axudas de emerxencia social

5.1.- Escrito num. 202/11 de dona Virtudes Camino Millán

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en Ponte Ulla, solicita a concesión dunha axuda para a dotación de condicións mínimas de habitabilidade (arranxo-dotación de baño)

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda concederlle unha axuda por importe de mil douscentos (#1.200,00#) euros, con cargo ao programa de emerxencia social, debendo realizar a obra previamente e achegar a correspondente factura para percibir a mesma.

5.2.- Escrito num. 204/11 de dona Pilar Rama López

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en Vedra, solicita a concesión dunha axuda para a cobertura de necesidades básicas

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda concederlle unha axuda por importe de seiscentos noventa e sete euros con cincuenta e un céntimos (#697,51#) , con cargo ao programa de emerxencia social.

5.3.- Escrito num. 203/11 de dona Livia Poliana Mendonça da Silva

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en Vedra, solicita a concesión dunha axuda para a cobertura de necesidades básicas e pagamento de alugamento.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda concederlle unha axuda por importe de oitocentos noventa e dous euros con vinte e seis céntimos (#892,26#) , con cargo ao programa de emerxencia social

5.4.- Escrito num. 205/11 de dona Lorena Carneiro Nogueiras

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita a concesión dunha axuda para a cobertura de necesidades básicas e pagamento de alugamento.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda concederlle unha axuda por importe de novecientos oitenta e cinco euros con catorce céntimos (#985,14#) , con cargo ao programa de emerxencia social



5.5.- Escrito num. 206/11 de dona Cristina Rizo Liñares

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en San Fins de Sales, solicita a concesión dunha axuda para a cobertura de necesidades básicas e equipamento básico en vivenda.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda concederlle unha axuda por importe de mil nove euros con setenta e seis céntimos (#1.009,76#) , con cargo ao programa de emerxencia social, e aprobar o pago indirecto do importe correspondente ao mantemento da habitabilidade (424,00 euros) á empresa subministradora.

5.6.- Escrito num. 207/11 de dona Ekaterina Vorosina

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en Vedra, solicita a concesión dunha axuda para a cobertura de necesidades básicas e alugamento de vivenda.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda concederlle unha axuda por importe de oitocentos oitenta e cinco euros con setenta e seis céntimos (#885,76#) , con cargo ao programa de emerxencia social

5.7.- Escrito num. 208/11 de dona Amabel Varela Rey

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita a concesión dunha axuda para tratamento e rehabilitación psicopedagóxica do menor a cargo.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda concederlle unha axuda por importe de mil douscentos catorce euros con noventa e catro céntimos (#1.214,94#) , con cargo ao programa de emerxencia social

5.8.- Escrito num. 210/11 de dona Natividad Alonso Acuña

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita a concesión dunha axuda para a cobertura de necesidades básicas e mantemento de servizos mínimos da vivenda.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda concederlle unha axuda por importe de setecentos corenta euros con oitenta e oito céntimos (#740,88#) , con cargo ao programa de emerxencia social

5.9.- Escrito num. 209/11 de don Anibal Gabarre Álvarez

Dáse conta do citado escrito no que o interesado, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita a concesión dunha axuda para a cobertura de necesidades básicas



A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda concederlle unha axuda por importe de cincocentos oitocenta e cinco euros con setenta e seis céntimos (#585,76#) , con cargo ao programa de emerxencia social

6º.- Acordo, se procede, sobre solicitude Programas de Cooperación

Dáse conta da Orde da Consellería de Traballo e Benestar, do 30 de decembro de 2010, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2011 (DOG num. 10/11, do 17 de xaneiro)

Ó abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Solicitar axuda para a contratación dos seguintes traballadores coa seguinte orde de prioridade:

1.1.- Protección Civil: 8 oficiais 2ª de protección civil

1.2.- Brigada verde: 4 oficiais de segunda

1.3.- Brigada de obras: 8 oficiais de segunda

Obras a executar: Ampliación punto limpo

Colocación soportes colectores e sinais

1.4.- Banco de Tempo Municipal: 1 técnico en xestión de bancos de tempos (Grupo 2)

Segundo.- Aprobar a solicitude de subvención

7º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

7.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data un de febreiro do ano que andamos, pola que se acorda incoar expediente para a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística, respecto da antena de telefonía móbil ubicada no lugar de A Lagoa (Santa Cruz de Ribadulla) en solo cualificado como de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM, e propiedade, ao parecer, de Telefonía Móviles España, S.A

A Xunta de Goberno dáse por enterada

7.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data tres de febreiro do ano que andamos, pola que se acorda iniciar de novo o procedemento para proceder ao alleamento da parcela num. 785-B (Merín), mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa con un único criterio de adxudicación ao mellor prezo (poxa), dado que quedou deserta a poxa e polos servizos técnicos se emitiu unha nova valoración tendo en conta a tendencia á baixa do mercado inmobiliario, establecendo un prezo de 17,43 euros/m2.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

Conclúe ao fio das vinte e dúas horas e dez minutos



